



Resolución da Comisión designada no procedemento para que o profesorado do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional se integre no corpo de profesores de ensino secundario (código de procedemento ED021A) pola que se aproba e publica a relación definitiva de persoas que se propoñen para a súa integración no corpo de profesores de ensino secundario así como daquelas que se exclúen de xeito definitivo

Por Orde do 28 de outubro de 2022 convocouse o procedemento para que o profesorado do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional se integre no corpo de profesores de ensino secundario (código de procedemento ED021A).

Na base oitava desta convocatoria pública establécese que o órgano de instrución será unha Comisión constituída por persoal funcionario con destino na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e na base novena regúlanse as funcións deste órgano de instrución.

Posteriormente a dita comisión, de conformidade coa base décima, ditou a resolución do 7 de marzo de 2023, modificada mediante resolución do 8 de marzo de 2023, na que se aproba e publica a relación provisional de persoas que se propoñen para a súa integración no corpo de profesores de ensino secundario así como daquelas que se exclúen provisionalmente.

A súa vez, a base décimo primeira establece que a Comisión, logo de revisadas as reclamacións contra a resolución que declara con carácter provisional as persoas aspirantes admitidas e excluídas, de conformidade co establecido na base décima, a Comisión ditará unha resolución pola que se aprobará a relación definitiva de persoas que se propoñen para ser integradas no corpo de profesores de ensino secundario e das persoas excluídas, que se publicará no portal da internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, www.edu.xunta.gal





De conformidade coas ditas bases, a Comisión como órgano de instrución do procedemento de integración do persoal funcionario de carreira do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, no corpo de profesores de ensino secundario,

RESOLVE

Primeiro. Aprobar e publicar, no anexo I da presente resolución, a relación definitiva, de persoal funcionario de carreira do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional que se propón, previa solicitude formulada no marco do procedemento ED021A, para a súa integración no corpo de profesores de ensino secundario con especificación da especialidade e da data de efectividade da dita integración, segundo a base décimo sexta da orde.

Segundo. Aprobar e publicar, no anexo II da presente resolución, a relación definitiva de persoal participante, que formulou solicitude no marco do procedemento ED021A, que se exclúe da proposta de integración no corpo de profesores de ensino secundario, pola causa ou causas que se indican.

Terceiro. Publicar, no anexo III da presente resolución, a relación definitiva de persoal que estaba en situación de servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia, coa condición de persoal funcionario de carreira, no corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, ao 19 de xaneiro de 2021, e que non pode integrarse no marco deste procedemento por ser nomeado funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario no intervalo temporal comprendido entre o 19 de xaneiro de 2021 e o 9 de novembro de 2022.

Cuarto. Publicar, no anexo IV da presente resolución, a relación definitiva de persoal que estaba en situación de servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia, coa condición de persoal funcionario de carreira, no corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, ao 19 de xaneiro de 2021, e que non pode integrarse





no marco deste procedemento por estar xubilado con anterioridade ao 10 de novembro de 2022.

Quinto.-Publicar, como anexo V da presente resolución, a relación definitiva de persoal que estaba en situación de servizo activo dende o 19 de xaneiro de 2021 e con anterioridade ao 10 de novembro de 2022 na Comunidade Autónoma de Galicia, coa condición de persoal funcionario de carreira, no corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, e que non pode integrarse no marco deste procedemento por ser nomeado funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario con anterioridade ao 19 de xaneiro de 2021.

A dita publicación comportará que a relación de persoas integrantes do Anexo V reingresa ao servizo activo no corpo de profesores de ensino secundario coa data de efectos e a especialidade que se especifica-no citado anexo.

Sexto.- A publicación dos anexos III e IV faise aos únicos efectos de recoñecer, á relación de persoas integrantes nos citados anexos, o dereito ao pagamento dos atrasos que poidan corresponderlle como se se tiveran integrado con efectividade do 19 de xaneiro de 2021 ou dende a data en que cumpriran os requisitos e condicións exixidos no marco deste procedemento para a integración.

Sétimo.- De conformidade coas atribucións conferidas a este órgano na base novena da citada orde, elevar, ao órgano de resolución, isto é, á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a relación definitiva de persoas que se propoñen para a integración no corpo de profesores de ensino secundario (Anexo I) así como as relacións definitivas de persoas (Anexo III, IV e V) para os únicos efectos establecidos nos puntos quinto e sexto desta resolución .

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,

O presidente da Comisión

José Luis Canosa Baldomir

